

O Monforte de Lois Pereiro

Teresa Moure

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*


MOURE, TERESA (2012 [2011]). “O Monforte de Lois Pereiro”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 866 (19 de maio), 4-5. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1668>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MOURE, TERESA (2011). “O Monforte de Lois Pereiro”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 866 (19 de maio), 4-5.

* Edición dispoñíbel desde o 3 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

O Monforte de Lois Pereiro



Monforte de Lois Pereiro talvez non sexa o meu Monforte. Case seguro. A crónica local pretende recrear a existencia a través de álbums de fotos. *Lembras? Antes, no edificio da Caixa de Aforros, non había máis que un solar cheo de silvas onde iamos xogar..., e hoxe, xa ves.* A crónica local é un espazo para a melancolía, un xénero literario onde as xeracións se recoñecen e a agresividade de cada día pode diluírse á caloríña morna das lembranzas. Segundo esa imaxe tópica, eu non lembro apenas o Monforte de Lois Pereiro. Son máis nova ca el e, por riba, marchei tan cedo que apenas me deu tempo a tomar contacto coa vida adulta monfortina. Non sei, nin souben, de lugares de copas nin de espazos de intervención; non alí. Para min Monforte vai asociado a imaxes de interiores ou á silueta recortada do castelo enseñorando unha veiga dourada, espida de fragas, coa liña do horizonte ben trazada. De nena ollaba en fite o horizonte tentando esculcar qué habería do outro lado. Hoxe vivo nun val pequeno, deitado cara ao Ulla, e no solpor, sobre todo no verán, recoñezo na liña do horizonte a miña antiga aliada.

Non, o meu Monforte non é o de Lois Pereiro. Quizais cando de lembranzas se tratar, non haberá dous Monfortes iguais, fóra da crónica local que escribe os pés de foto dos álbums históricos: *Aquí, Carude no ano 72, Aquí, Ramberde no 81, Nestoutra máis antiga, ben se ve, Monforte ten dúas pontes, ponte de pedra e de ferro...* Lembro un Lois Pereiro menos escéptico que o de *Poesía última de amor e enfermidade*, menos sabio tamén. Lembro a súa figura vulnerábel, rota, esgazada, na época en que non ía aínda para mito e xogaba aos excesos -*She don't lie, she don't lie, she don't lie*, que cantaba Eric Clapton-. Desde o balcón do cuarto andar da familia, as nenas mirabamos para *O Raxo*, o bar de enfrente, onde sabiamos que non debiamos entrar no caso de que, xogando á goma, nos viñesen ganas de ir ao lavabo. Desde o balcón, nas noites de verán, entre os xeranos, guichabamos o Lois mozo, sentado na terraza, as pernas cruzadas, o vaso na man, na compañía doutros rostros que tamén esvaeceron... Todo tan axiña... Todo hai tanto tempo...

A lembranza doe. Hai, abofé, xente amiga do pasado, xente que devece pola crónica local -*Mira, como eramos daquela!*-. Non é o meu caso. A tribo

dos optimistas sempre espera achar algo no futuro que xustifique o esforzo; só os nostáxicos prefiren mergullarse no que xa foi. A lembranza, amiga, doe. E ten estrañas relacións. Nunca falei con Lois. Aínda que me pregunten mil veces nesta edición das letras galegas por alguén nacido no mesmo concello ca min, non teño moito máis que dicir do que podía opinar como lectora cando foi o ano de Lugrís Freire ou de María Mariño. Ou non tería, a menos que me deixase ir, que esquecese o canon da crónica local e desatase a boca.

Por exemplo, lembro ben a nai de Lois Pereiro, co seu mesmo rostro -que estraña memoria a da xenética!- cos beizos coma el moi vermellos sobre o rostro pálido. Lembroa paseando polo Cardeal, do brazo do pai de Lois que, despois de todo, se parecía bastante ao meu propio pai: altos, fortes e co pelo cano. A non ser, claro, que a memoria me engane e fose eu, nena, quen vise todos os pais iguais. Deixándome ir polos meandros da memoria, mellor lembro a Inés, a irmá de Lois que estudaba coa miña, e que era unha nena tímida e calada. Nos primeiros cursos de primaria ía recollela ao colexio unha muller que -supoño- traballaría na súa casa. Vestía de negro rigoroso e levaba o moño de toda a vida. Non era a súa avoa aínda que podería selo e tiña, desde logo, os modos das avoas tradicionais. Por iso, a boa da Amalia levaba para Inés torradas de pan con aceite. Por algunha razón, a muller durante unha tempada comezou a recoller tamén, e acompañar ás súas casas, outras nenas que vivían polo camiño e eran de familias coñecidas, como miña irmá e mais eu. Ou quizais nós nos sumariamos a elas coa naturalidade infantil, non o sei. O que lembro é que Inés ía saltando e corricando, e apenas comichaba un pouco o que outras engulían con voracidade. A muller tiña torrada para todas e eu non sabía como facer para rexeitar un ofrecemento que non me gustaba nada. *Come, come*, insistía e non había maneira de negarse. A única que se libraba era Inés, que a Amalia xustificaba cun *A la Inesita poquito, que si no se indigesta*, unha frase que, non sei por que, nos facía escachar coa risa...

A memoria doe, talvez por sabermos que esas risas inocentes non volverán. Mais non só por iso. A día de hoxe tamén doen as palabras pronunciadas e os universos negados. A señora Amalia, unha muller da



aldea sen dúbida, que imaxino que facía un traballo remunerado nunha casa particular, nunca nos falou en galego a nós, as nenas. Iso é parte substancial da miña memoria. Con frecuencia cando nos últimos anos falamos da situación da lingua, tan ameazada por políticas nefastas, parece rexer un estado de amnesia colectiva sobre tantos problemas derivados da transmisión xeracional interrompida. No Monforte de Lois Pereiro, o español era xa unha lingua omnipresente hai trinta anos. Igual que outras poboacións significadas do país, Monforte actuaba como unha illa pretendendo ser cidade –ese título tan importante no orgullo monfortino– e procurando relegar o galego á periferia non urbana. É algo que saben ben tamén as persoas de Ferrol, de Narón, de Vilagarcía... O español axexaba desde hai tempo nun lugar tan peculiar como Monforte, tradicionalmente porta de Castela, a un paso de León –cantas monfortinas casadas con leoneses?–. Por iso, Pereiro, un autor de obra breve mais intensa e renovadora, publicada en galego, se revela nas *Cartas ultramarinas*, que acaba de editar Positivas, como unha voz que acode con frecuencia ao español, que vai dunha a outra lingua sen demasiados problemas. Non nos confundamos. Non estou a pedir contas. Nin teríamos dereito nin procede. Só quero entender algo, á marxe da evidente calidade da poesía de Lois Pereiro. Cando se homenaxea unha figura intelectual ou artística, o xornalismo indaga en que medida a paisaxe fixo o xenio, en que medida a poboación orixinal, as súas feitura, o seu perfil etnográfico configura a persoa e determina a obra. Pois ben, o Monforte do pasado estoupaba de vocación cosmopolita. Se o penso, non sei de onde lle virían eses aires, estando lonxe do mar e dos centros de decisión do mundo. Talvez serían as fantasmas dos condes de Lemos. Aquel Monforte quería desapegarse do contorno labrego con modos urbanos e requintados. Aquel Monforte non quería mirar para o pasado, para un mundo antigo, e procuraba o dinamismo da modernidade. Non é estraño que as persoas que alí nacemos, contaxiadas á fin desa teima, non queiramos mirar para atrás nin nos recoñezamos sempre no que foi pasando. Non é estraño que esculcar na lingua da infancia produza feridas.

No entanto, Monforte foi próspero na época en que as súas infraestruturas –nomeadamente o ferrocarril– eran modernas. Cando aquel mundo antigo comezou a derrubarse, Monforte converteuse nun lugar difícil para a mocidade, un lugar que parecía pintar sen futuro.

Non é un caso único: moitas persoas téñenme falado das súas vilas en distintos territorios do país en termos semellantes. O fenómeno dáse en lugares illados, que actúan como centros de referencia para unha periferia desasistida e por iso son máis frecuentes –supoño eu, que non son socióloga– na Galiza interior. Porque non só Alemaña estivo dividida por un muro en occidental e oriental. A Galiza pásalle algo parecido, aínda que aquí o muro sexa invisíbel e, por riba, a zona oriental non experimente as vantaxes do socialismo.

A memoria doe, xa o dixen ao principio. Por iso, aínda que eu non recoñeza as referencias de Lois Pereiro, coido que si temos algo en común: a alma devastada, a provocación infinda, os modos agrestes do punk; ese cuspid sobre a miña tumba. Mesmo cando acreditamos en algo, cando estamos a tocar territorio sagrado, no mesmo intre en que o amentamos, invádenos un aquel de retranca, unha refoleada fantástica de rebeldía, unha forza que procede talvez de nos criarmos nun lugar tan inverosímil. Oxalá esa forza puidese ser materia subversiva. Non teño moi seguro que Lois se identificase con Monforte, nin que Monforte se identificase con Lois; un emparellamento entre o lugar e a persoa que se dá noutros artistas e que neste caso parece máis que nunca unha concesión á crónica local. Porque talvez a materia subversiva precise subir do Incio para se perder, alén do horizonte, en espazos urbanos, en faunas variadas, non sufocadas polos montes circundantes. Ás persoas que se crían coa liña do horizonte pesándolles nas costas non lles chega nin a Quinta Avenida de Nova York para dar paseo os seus instintos ao sol. Non dan feito. E as relacións co lugar de procedencia non son necesariamente idílicas; non sempre é doado ter unha biografía. Fóra da ficha xornalística, ás veces cada dato vai ligado a un cadáver que pechabamos no armario. Entremetres, Lois ten o seu ano de gloria. Benvido sexa. Todas as persoas deberían ter, polo menos, un ano dedicado, xa que todos precisamos tanto de afecto como de sabermos que as cousas que fixemos neste paseo foron ben recibidas. E máis aínda precisan estes coidados as persoas vulnerábeis, que soñan coa arte, como os poetas! Benvido sexa o vento Lois, sempre que non se esqueza que seguimos a agardar polo vento Carvalho Calero, que reclamamos un ano tamén para a homenaxe a unha figura sen a cal non se pode entender a escrita e a nación contemporáneas. Claro que isto xa non forma parte da crónica local. ■